



// Sector
Vinícola



// Localización
Padrón



// Ano de constitución
2013



// N^o empregados
8

// Descrición da empresa

Vermutería de Galicia, Petroni adícase á elaboración e comercialización de produtos intermedios relacionados co sector vinícola e de destilados.

Por outra parte, a empresa desenvolve tarefas de investigación, de estudo e de análise de artigos relacionados co viño.

"Obtivemos a axuda para detectar as nosas necesidades. Foi o primeiro paso para sermos máis competitivos"

Cristina Codesido. Propietaria de Vermutería de Galicia.

// Descrición do proxecto

A empresa quería afrontar o reto de incrementar a súa actividade, así como diversificar e desenvolver novos produtos cun selo de identidade común: a calidade das materias primas.

Para poder logralo, detectaron que era necesario redefinir a estrutura organizativa e funcional.

Por outra parte, Vermutería de Galicia, Petroni, quería poñer en valor e explotar os seus recursos, xa que se trata dunha empresa acorde cos principios da economía circular.





// O resultado

Trala súa participación no programa, a empresa acometeu pequenos axustes estruturais e optimizou todos os seus recursos para alcanzar o obxectivo: quintuplicar a súa facturación nun período de 5 anos.

A partir deste momento, detectaron as necesidades do mercado, que plasmaron a través da elaboración e comercialización de novos produtos.

Ademais, a empresa superou as barreiras relacionadas coa reestruturación interna, o que se plasmou a través de novas contratacións e da definición de novas responsabilidades. Como resultado, conseguiron unha maior profesionalización.

*"O noso reto era
quintuplicar
a facturación en 5 anos.
Agora, xa sabemos
como facelo"*

Cristina Codesido
Propietaria de Vermutería de Galicia



// Web

<http://www.vermupetroni.com/>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.